

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13437 *Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e produtos da madeira.*

I

A práctica da comercialización de madeira aproveitada ilegalmente constitúe un problema ambiental internacional de primeira magnitude en moitos países en desenvolvemento exportadores de madeira. Este proceso, derivado da corta ilegal de bosques, contribúe, xunto con outros factores, ao proceso de deforestación e de degradación dos bosques, que pode chegar a causar ata o 20 % das emisións de gases de efecto invernadoiro; representa, ademais, unha ameaza para a biodiversidade, en particular en países tropicais, e contribúe á desertificación e erosión do solo, o que pode acentuar os fenómenos meteorolóxicos extremos e as inundacións. Xunto a todo o anterior, este fenómeno ten múltiples repercusións sociais, políticas e económicas nos países produtores de madeira.

Para loitar contra o comercio ilegal de madeira, a Comisión Europea propuxo no ano 2003 un plan de acción sobre a aplicación das leis, gobernanza e comercio forestal (FLEGT, polas súas siglas en inglés), onde se establecía a necesidade de desenvolver accións en diferentes campos para combater a corta ilegal e o seu comercio asociado.

Este mandato traducíuse na aprobación do Regulamento (CE) n.º 2173/2005 do Consello, do 20 de decembro, relativo ao establecemento dun sistema de licenzas FLEGT para as importacións de madeira na Comunidade Europea, en virtude do cal as importacións de madeira e de produtos da madeira procedentes de países cos cales previamente se subscribiu un acordo voluntario de asociación (AVA) deben ir acompañadas dunha licenza FLEGT expedida polo país de orixe. O citado regulamento prohíbe a comercialización destes produtos de non contaren coa mencionada licenza debidamente validada. Posteriormente, o dito regulamento é desenvolvido mediante o Regulamento da Comisión (CE) n.º 1024/2008, do 17 de outubro, que establece normas máis precisas para a súa aplicación, entre elas, o modelo de licenza e as condicións de verificación e aceptación desta por parte da autoridade competente do Estado membro.

Complementariamente, para aquela madeira e produtos derivados que non contan cunha licenza FLEGT, por non proceder dun país cun AVA en vigor, ou que se comercialicen por primeira vez no mercado interior, independentemente da súa orixe, aprobouse no ano 2010 o Regulamento (UE) n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, polo que se establecen as obrigacións dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira (tamén coñecido como Regulamento europeo da madeira ou EUTR, polas súas siglas en inglés). Os obxectivos desta norma son, dunha parte, prohibir con carácter xeral a comercialización no mercado da Unión Europea de madeira de orixe ilegal e, doutra, exixirlle ao denominado «axente» que comercializa a madeira e os seus produtos derivados por primeira vez no mercado interior que desenvolva un sistema de dilixencia debida que asegure a orixe legal desta madeira. Para asegurar a rastrexabilidade do produto en toda a cadea de fornecemento, o regulamento exige aos denominados «comerciantes» estar en disposición de identificar a que outras persoas físicas ou xurídicas compraron ou, se é o caso, venderon o produto. O anterior sistema de dilixencia debida deberá ser exercido polos propios axentes que comercialicen a madeira xa sexa de maneira individual ou ben a través das denominadas entidades de supervisión. As ditas entidades de supervisión son, conforme a normativa da Unión Europea, persoas xurídicas legalmente establecidas no territorio da Unión Europea, cuxo recoñecemento xurídico é realizado pola Comisión Europea, despois de comprobar que cumpren cos requisitos

legalmente establecidos, logo de consulta aos Estados membros onde esta entidade pretenda operar. O Regulamento delegado UE n.º 363/2012 da Comisión, do 23 de febreiro, regula o procedemento administrativo para o recoñecemento xurídico e, se é o caso, a retirada deste, das entidades de supervisión recollidas no Regulamento (UE) n.º 995/2010. Pola súa parte, o Regulamento de execución UE n.º 607/2012 da Comisión, do 6 de xullo de 2012, establece as normas detalladas en relación co sistema de dilixencia debida e coa frecuencia e a natureza dos controis sobre as citadas entidades de supervisión.

II

A Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, incorpora como novidade aspectos relacionados coa comercialización da madeira, en concreto as novas infraccións por violación dos preceptos derivados da aplicación do citado Regulamento 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, e o seu réxime sancionador e, na súa disposición adicional décima, o establecemento dunha declaración responsable para os axentes que opten por un sistema individual para exercer a dilixencia debida, declaración responsable cuxo contido mínimo debe ser desenvolvido regulamentariamente.

III

Considerando todo o anterior marco normativo, a finalidade deste real decreto é establecer as disposicións necesarias para a aplicación en España dos citados regulamentos da Unión Europea.

Así, en primeiro lugar, este real decreto determina a autoridade competente FLEGT en España e establece o procedemento para a validación da licenza e os seus efectos en despacho aduaneiro. No ámbito do procedemento para a validación da licenza pola autoridade competente, considérase a posibilidade de realizar controis físicos, sen prexuízo dos posteriores controis en materia aduaneira. No relativo ao réxime sancionador en materia FLEGT, serán de aplicación a Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, e o Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o título II da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, relativo ás infraccións administrativas de contrabando.

En segundo lugar, este real decreto identifica as autoridades competentes no noso país para a aplicación do Regulamento (UE) n.º 995/2010 e desenvolve as atribucións que cada unha delas ten encomendada, de acordo co réxime constitucional de competencias. Desta forma, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente será responsable da comunicación e interlocución coa Comisión Europea e o resto de autoridades competentes doutros Estados da Unión Europea, da elaboración dos informes nacionais a que fai referencia o citado regulamento e a súa normativa de desenvolvemento. As comunidades autónomas son as autoridades competentes ás cales corresponde o desenvolvemento normativo, así como as funcións executivas inherentes ao seu carácter de autoridades competentes, na realización de controis sobre os axentes e comerciantes que comercializan con madeira e produtos da madeira, e a recepción e tramitación da declaración responsable que inclúe este real decreto, así como o control das entidades de supervisión con sede social na comunidade autónoma. Ademais, para facilitar as tarefas de cooperación e colaboración entre as diferentes administracións públicas no ámbito deste regulamento, prevese crear un grupo de traballo regulado nas súas competencias e atribucións por acordo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural como órgano de traballo en materia de loita contra o comercio de madeira aproveitada ilegalmente a nivel nacional, en desenvolvemento do artigo 10 da Lei 43/2003, de montes, modificada pola Lei 21/2015, do 20 de xullo.

En terceiro lugar, o real decreto establece un réxime de declaración responsable para aqueles «axentes» que comercialicen produtos de madeira no mercado nacional, independentemente da súa orixe. Trátase dun requisito adicional ao establecido na

normativa europea pero establecido na normativa española a través da Lei 21/2015, do 20 de xullo, que modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Esta declaración responsable persegue, dun lado, coñecer as características e a natureza dos axentes que comercializan produtos de madeira en España e están suxeitos ás obrigacións impostas polo Regulamento (UE) n.º 995/2010 e, doutro, facilitar a estes axentes o cumprimento da citada norma. O contido destas declaracións responsables será fundamental para aplicar o plan nacional de controis que recolle o real decreto, de acordo cunha análise de riscos que teña en conta o grao de confianza do axente para efectos do seu comercio legal de produtos de madeira. Con este obxectivo, o real decreto inclúe, nos seus anexos, o contido básico destas declaracións responsables, que deberán ser presentadas ante o órgano competente designado pola comunidade autónoma.

En cuarto e último lugar, o real decreto crea o Sistema estatal de información do comercio de madeira en España como instrumento para facilitar o cumprimento da normativa europea de comercio de madeira, que se configura como un sistema informático que permita poñer en común todo o traballo desenvolvido neste ámbito polas diferentes autoridades competentes españolas. O contido fundamental deste sistema será a información derivada das declaracións responsables exixidas aos axentes que comercializan madeira e produtos de madeira en España. O deseño e a planificación dos ditos controis realizaranse a nivel estatal a través dun plan específico cuxo contido básico é regulado neste real decreto.

Para finalizar, o real decreto inclúe tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria única e catro disposicións derradeiras, orientadas a facilitar a execución das disposicións incluídas na norma.

IV

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores interesados.

Así mesmo, o proxecto foi posto á disposición do público, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto o establecemento da regulación necesaria en materia de loita contra o comercio de madeira aproveitada ilegalmente, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 2173/2005 do Consello, do 20 de decembro, relativo ao establecemento dun sistema de licenzas FLEGT aplicable ás importacións de madeira á Comunidade Europea (en diante, Regulamento FLEGT), e no Regulamento (UE) n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, polo que se establecen as obrigacións dos axentes que comercializan madeira e produtos da madeira (en diante, Regulamento EUTR), así como na súa normativa de desenvolvemento, por medio:

a) Da designación das autoridades competentes españolas para a aplicación desta normativa e da distribución de funcións entre elas.

- b) Do establecemento do procedemento para a validación das licenzas FLEGT.
- c) Dos requisitos mínimos aplicables ao control do sistema de dilixencia debida.
- d) Do contido básico da declaración responsable que deben presentar os axentes que comercializan madeira e produtos da madeira.
- e) Do contido do Plan nacional de control da legalidade da madeira comercializada.
- f) Este real decreto crea, adicionalmente, o Sistema estatal de información do comercio de madeira en España.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación deste real decreto é o establecido no Regulamento FLEGT, en relación cos preceptos aplicables á importación de madeira e produtos derivados procedente de países cun acordo voluntario de asociación en vigor, e no Regulamento EUTR, en relación cos axentes e comerciantes que comercializan en España madeira e produtos da madeira incluídos no seu anexo.

CAPÍTULO II

Designación das autoridades competentes para a aplicación dos regulamentos FLEGT e EUTR

Artigo 3. *Autoridades competentes para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e produtos da madeira en España.*

Para os efectos do disposto nos regulamentos citados no artigo 1 deste real decreto:

1. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente é a autoridade competente FLEGT, á cal corresponde:

- a) A recepción e a validación da licenza FLEGT e a súa comunicación á Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- b) A remisión do informe anual previsto no artigo 8.1 do Regulamento FLEGT.
- c) A coordinación de controis físicos sobre a mercadoría comercializada para determinar a súa coincidencia co contido da licenza FLEGT.
- d) Aqueloutras que poidan derivar do Regulamento FLEGT e da súa lexislación derivada.
- e) O seguimento do plan de acción FLEGT da Unión Europea e, en particular, o apoio na elaboración dos acordos voluntarios de asociación con países en desenvolvemento exportadores de madeira e produtos da madeira, sen prexuízo das competencias que nesta materia recaian na Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (Aecid).
- f) O asesoramento técnico, cando así sexa solicitado, na realización de controis físicos da madeira FLEGT comercializada en España.

2. A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente é, xunto cos órganos que formalmente designe cada comunidade autónoma, a autoridade competente EUTR en España, á cal lle corresponde:

- a) A coordinación das autoridades competentes das comunidades autónomas para a aplicación do Regulamento EUTR.
- b) A elaboración do informe de aplicación previsto no artigo 20 do Regulamento EUTR.
- c) A interlocución, comunicación e cooperación coa Comisión Europea e co resto de autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea.
- d) A formalización da consulta previa ao recoñecemento por parte da Comisión Europea dunha entidade de supervisión que pretenda operar no territorio español.

e) A xestión e administración do Sistema estatal de información do comercio de madeira en España.

3. Serán autoridades competentes na aplicación do Regulamento EUTR os órganos competentes que designen as comunidades autónomas, a que corresponden as funcións recollidas no capítulo IV. Os ditos órganos deberán establecer a relación dos funcionarios encargados de realizar a actividade de control, os cales:

a) Deberán dispoñer das capacidades necesarias para poder realizar os controis coas suficientes garantías.

b) Deberán formalizar a realización do control en documento público observando os requisitos legais pertinentes, o cal terá valor probatorio dos feitos recollidos, sen prexuízo do resultado das actuacións previas que, se é o caso, se leven a cabo e das probas que en defensa dos seus dereitos e intereses poidan achegar os particulares.

c) Deberán gardar o segredo profesional de cantos datos, feitos e circunstancias coñezan no exercicio das súas funcións.

d) Se poderán auxiliar do persoal necesario, incluído aquel que forme parte da empresa controlada, así como dispoñer dos equipamentos ou materiais que sexan necesarios.

e) En casos de necesidade e para un eficaz cumprimento da súa función, poderán solicitar o apoio das forzas e corpos de seguridade.

Artigo 4. Cooperación e colaboración entre as administracións públicas competentes.

1. As administracións públicas competentes na aplicación do Regulamento EUTR cooperarán e colaborarán na loita contra a comercialización de madeira aproveitada ilegalmente.

2. No seo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural poderase constituír un grupo de traballo específico en materia de loita contra o comercio de madeira aproveitada ilegalmente a nivel nacional.

CAPÍTULO III

Aplicación do Regulamento FLEGT en España

Artigo 5. Procedemento para a tramitación da licenza FLEGT.

1. Os importadores de produtos de madeira e derivados incluídos no anexo II ou III do Regulamento FLEGT, procedentes dun país con acordo voluntario de asociación en vigor deberán presentar a licenza FLEGT á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través do portelo único aduaneiro con antelación á chegada do cargamento, para que esta verifique a súa validez, de acordo coa normativa da Unión Europea e o correspondente acordo voluntario de asociación.

2. A autoridade competente FLEGT verificará a validez da licenza FLEGT de acordo cos requisitos legais que lle sexan de aplicación e, en particular, con base na autenticidade, na conformidade do período de validez e na correspondencia co cargamento que cobre.

Se se considera necesaria unha verificación complementaria da información contida na licenza FLEGT ou da súa autenticidade, poderase solicitar información á autoridade competente do país emisor, na forma e prazos que recolla o correspondente acordo voluntario de asociación.

3. Se se considera necesaria unha verificación complementaria da mercadoría, poderanse realizar controis físicos para determinar se esta se axusta á información indicada na licenza FLEGT. Os ditos controis determinaranse en función de criterios de xestión de riscos, de acordo coa lexislación da Unión Europea e nacional, e serán realizados por persoal designado para o efecto polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

4. A autoridade competente FLEGT informará por medios electrónicos a Axencia Estatal de Administración Tributaria da validez da licenza FLEGT, para despachar a libre práctica a mercadoría, sen prexuízo do cumprimento do resto de disposicións vixentes aplicables para autorizar tal destino aduaneiro.

5. O despacho a libre práctica de madeira dos produtos de madeira suxeitos a licenza FLEGT non se poderá autorizar sen que lle conste á autoridade aduaneira competente que esta foi debidamente validada.

6. A autoridade competente FLEGT en España deberá conservar unha copia, en formato electrónico ou en papel, do orixinal da licenza FLEGT xunto coa correspondente declaración aduaneira. Para estes efectos, o interesado deberá presentar copia da declaración aduaneira co correspondente código de verificación seguro ou autorizar, no momento da solicitude da validación da licenza FLEGT, a cesión desta á autoridade competente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, que a realizará por medios electrónicos.

CAPÍTULO IV

Aplicación do Regulamento EUTR en España

Artigo 6. *Exercicio da dilixencia debida e obriga de rastrexabilidade.*

1. De acordo co Regulamento EUTR, ten a consideración de axente calquera persoa física ou xurídica que comercializa por primeira vez no mercado interior madeira ou produtos da madeira.

2. Todos os axentes que comercialicen en España madeira ou produtos da madeira incluídos no anexo do Regulamento EUTR deberán dispoñer dun sistema de dilixencia debida, cuxo mantemento e avaliación periódica será realizado polo propio axente ou a través dunha das entidades de supervisión debidamente recoñecidas pola Comisión Europea.

3. De acordo co Regulamento EUTR, ten consideración de comerciante calquera persoa física ou xurídica que durante o transcurso dunha actividade comercial venda ou adquira no mercado interior madeira ou produtos da madeira xa comercializados.

4. Todos os comerciantes deberán ser capaces de identificar en toda a cadea de fornecemento os axentes ou comerciantes que subministrasen a madeira e os produtos da madeira e, cando proceda, os comerciantes aos cales subministrasen madeira ou produtos da madeira, así como conservar a dita información durante cinco anos e facilitala ás autoridades competentes no caso de que a soliciten.

5. A madeira e produtos da madeira cubertos por unha licenza FLEGT adecuadamente validada segundo o disposto no artigo 5 do presente real decreto, así como aqueles produtos da madeira das especies que figuran nos anexos A, B e C do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, estarán exentos do requisito establecido no punto 2 do presente artigo.

6. O exercicio da dilixencia debida estará suxeito ao establecido no Regulamento EUTR e na súa normativa de desenvolvemento, en particular o Regulamento de execución (UE) n.º 607/2012 da Comisión, do 6 de xullo de 2012, relativo ás normas detalladas en relación co sistema de dilixencia debida e coa frecuencia e natureza dos controis sobre as entidades de supervisión recollidas no Regulamento EUTR, e nas directrices de aplicación aprobadas desde o ámbito europeo.

Artigo 7. *Réxime de declaración responsable sobre os axentes.*

1. Os axentes que comercialicen en España madeira ou produtos da madeira incluídos no anexo do Regulamento EUTR estarán sometidos a un réxime de declaración responsable.

2. O axente presentará a declaración responsable ante o órgano competente da comunidade autónoma onde teña o seu domicilio ou sede social. Esta declaración presentarase con carácter anual, con datos do exercicio anterior e antes do 31 de marzo dese ano.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán a forma en que se debe presentar a declaración responsable, preferiblemente por medios electrónicos. Estes órganos competentes darán traslado do contido da declaración responsable á autoridade competente estatal para a aplicación do Regulamento EUTR segundo o disposto no artigo 10 deste real decreto e terán acceso ao Sistema estatal de información do comercio de madeira en España.

4. O anexo I deste real decreto inclúe o contido básico da declaración responsable que deben presentar todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan a consideración de axentes para os efectos do Regulamento EUTR.

5. O anexo II deste real decreto inclúe a clasificación dos axentes en función do seu ámbito de actividade.

6. En todo o demais, haberá que atermos ao disposto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Controis sobre os axentes e comerciantes.*

1. O órgano competente autonómico realizará controis sobre os axentes, calquera que sexa o seu sistema de dilixencia debida, que teñan o seu domicilio social no territorio da respectiva comunidade autónoma, co fin de comprobar que estes cumpren coas obrigacións recollidas nos artigos 4 e 6 do Regulamento EUTR.

2. Igualmente, o órgano competente autonómico poderá realizar controis sobre os comerciantes de madeira e produtos de madeira que teñan o seu domicilio social no territorio da respectiva comunidade autónoma, co fin de comprobar que cumpren coa obriga de rastrexabilidade a que fai referencia o artigo 5 do Regulamento EUTR.

3. A planificación e execución dos anteriores controis sobre os axentes e comerciantes realizarase no marco do Plan nacional para o control da legalidade da madeira comercializada, a que fai referencia o artigo 12 deste real decreto.

4. Os axentes ofrecerán toda a asistencia necesaria para facilitar a realización adecuada dos controis, especialmente no que respecta ao acceso aos locais, instalacións ou predios, e á presentación de documentos ou rexistros.

5. Sen prexuízo do réxime sancionador que poida resultar de aplicación en cada caso, cando o órgano competente autonómico detectase insuficiencias nos controis realizados expedirá unha notificación de medidas correctoras que deberá adoptar o axente. En función da natureza das insuficiencias detectadas, o citado órgano competente poderá adoptar medidas provisionais inmediatas de carácter preventivo que poderán incluír, entre outras:

- a) A incautación da madeira e dos produtos da madeira.
- b) A prohibición temporal do comercio de madeira e de produtos da madeira.

6. A información relativa aos controis realizados e ás medidas correctoras propostas deberá ser conservada polo órgano competente autonómico durante un período de cinco anos. Esta información terase que poñer á disposición do público de acordo co establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, participación e acceso á xustiza en materia de ambiente.

7. O órgano competente autonómico dará traslado á autoridade competente estatal para a aplicación do Regulamento EUTR da información pertinente respecto aos controis realizados sobre os axentes referidos neste artigo ou, se é o caso, sobre os comerciantes, segundo o disposto no artigo 10 deste real decreto. Esta información será utilizada para a elaboración do informe a que fai referencia o artigo 2.2.a) deste real decreto.

8. Os feitos constatados polos funcionarios que realicen estes controis aos cales se recoñece a condición de autoridade e exerzan funcións de inspección, que se formalicen en documento público observando os requisitos legais pertinentes, gozarán de presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios interesados.

Artigo 9. *Controis sobre as entidades de supervisión.*

1. O órgano competente autonómico realizará controis sobre as entidades de supervisión que actúen no seu territorio, co fin de determinar que estas cumpren coas funcións e cos requisitos establecidos, respectivamente, nos puntos 1 e 2 do artigo 8 do Regulamento EUTR. Entenderase que unha entidade de supervisión actúa no territorio dunha comunidade autónoma cando un axente que desenvolva o seu sistema de dilixencia debida a través desa entidade de supervisión teña o seu domicilio social no territorio desa comunidade autónoma.

2. Cando resulte necesario realizar unha comprobación física da sede, sucursal ou filial dunha entidade de supervisión e esta se encontre no territorio dunha comunidade autónoma distinta á do domicilio social do axente, as administracións públicas competentes establecerán os mecanismos de cooperación e colaboración necesarios para aseguraren a efectividade do control.

3. A planificación e execución destes controis axustarase ao establecido na normativa europea, en particular no Regulamento de execución (UE) n.º 607/2012 da Comisión, do 6 de xullo de 2012, nas directrices de aplicación aprobadas para tal efecto a nivel europeo e, se é o caso, no Plan nacional para o control da legalidade da madeira comercializada a que fai referencia o artigo 12 deste real decreto.

4. Cando, como resultado destes controis, o órgano competente autonómico responsable da realización do control determine que a entidade de supervisión non cumpre coas funcións e requisitos antes mencionados, comunicarllo no prazo dun mes á autoridade competente estatal para a aplicación do Regulamento EUTR, a que, pola súa vez, informará a Comisión Europea desta circunstancia.

CAPÍTULO V

Sistema estatal de información do comercio de madeira en España

Artigo 10. *Sistema estatal de información do comercio de madeira en España.*

1. Créase o Sistema estatal de información do comercio de madeira en España co obxectivo de coordinar a información sobre a natureza dos axentes e comerciantes que comercializan madeira e produtos da madeira en España e a súa actividade neste ámbito.

2. A información subministrada polo citado sistema terase en conta á hora de desenvolver e aplicar o Plan estatal de control da legalidade da madeira comercializada a que fai referencia o artigo 12 do presente real decreto.

3. O Sistema estatal de información do comercio de madeira en España terá carácter público e informativo e constituirase nunha base de datos informatizada. Os datos de carácter persoal estarán protexidos pola normativa estatal vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

4. O Sistema estatal de información do comercio de madeira en España terá o seguinte contido:

a) Información subministrada polos órganos competentes das comunidades autónomas a partir das declaracións responsables dos axentes.

b) Información sobre o resultado dos controis realizados polas autoridades competentes.

c) Relación de entidades de supervisión que operan en España.

d) Información estatística sobre o volume e a natureza dos produtos de madeira comercializados en España.

e) Información sobre os sistemas de certificación forestal (cadea de custodia) e outros certificados de legalidade en orixe da madeira.

f) Calquera outra información relevante para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e produtos da madeira en España.

5. Os órganos competentes das comunidades autónomas darán traslado ao Sistema estatal de información do comercio de madeira en España, con carácter anual, antes do 30 de abril e por medios electrónicos, do contido das declaracións responsables a que se fai referencia no artigo 7 deste real decreto.

6. Os órganos competentes das comunidades autónomas darán traslado ao Sistema estatal de información do comercio de madeira en España, con carácter anual, antes do 30 de abril e por medios electrónicos, do resultado dos controis realizados no ámbito dos artigos 8 e 9 deste real decreto.

7. O Sistema estatal de información do comercio de madeira en España será xestionado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal.

CAPÍTULO VI

Plan nacional de control da legalidade da madeira comercializada

Artigo 11. *Plan nacional de control da legalidade da madeira comercializada.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, elaborará o Plan nacional de control da legalidade da madeira comercializada, co fin de reducir o risco de comercializar madeira e produtos da madeira de orixe ilegal en todo o territorio nacional, e de establecer o procedemento interno de aplicación do disposto neste real decreto.

2. Este plan será realizado de acordo con criterios baseados no risco e terá en conta a información contida no Sistema estatal de información do comercio de madeira en España. O plan axustarase ás disposicións recollidas na normativa da Unión Europea que resulten de aplicación e incluirá, ao menos, os seguintes elementos:

a) Criterios para o establecemento de diferentes categorías de axentes de acordo coa súa tipoloxía e a natureza do comercio de produtos de madeira que realizan.

b) Criterios e parámetros que permitan avaliar o grao de confianza dos axentes e comerciantes que comercializan madeira e produtos de madeira en España.

c) Criterios para a planificación e realización de controis sobre os axentes e comerciantes.

d) Distribución territorial dos controis que se vaian realizar sobre axentes e comerciantes de acordo co seu grao de confianza.

e) Criterios para a planificación e realización de controis sobre as entidades de supervisión.

f) Criterios para a realización, se é o caso, de controis sobre a madeira importada suxeita a unha licenza FLEGT.

g) Procedementos para o establecemento de medidas correctoras e de medidas provisionais e para a resolución dos posibles recursos.

3. A proposta de plan será elaborada en colaboración cos órganos competentes autonómicos e coa doutros órganos da Administración do Estado con competencias nesta materia. Así mesmo, a proposta someterase ao trámite de información pública e terá en conta a opinión dos representantes do sector e doutros grupos interesados.

4. O plan será aprobado pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

5. O plan actualizarase anualmente coa información acadada na execución dos controis e as declaracións responsables remitidas ao sistema de información polas autoridades competentes.

Disposición adicional primeira. *Designación dos órganos competentes autonómicos.*

As comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nun prazo non superior a seis meses, a designación das autoridades competentes a que se refire o artigo 3.

Disposición adicional segunda. *Cooperación entre as autoridades competentes do Regulamento FLEGT e do Regulamento EUTR e a Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

1. As autoridades competentes informarán as autoridades aduaneiras sobre calquera posible indicio de irregularidade en relación co Regulamento FLEGT. En concreto, a autoridade competente deste último regulamento poderá propoñer, no marco da súa análise de riscos, criterios de risco que se incluírán no sistema de control aduaneiro.

2. Poderanse establecer controis conxuntos en relación con madeira ou produtos de madeira importados.

3. A cooperación e coordinación que se prevé nos dous puntos anteriores articularase a través do correspondente convenio de colaboración.

Disposición adicional terceira. *Presentación da declaración responsable por parte dos axentes.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, todos aqueles axentes que comercializan madeira e produtos da madeira en España incluídos no anexo do Regulamento EUTR deberán presentar a declaración responsable que corresponda, en cada caso, de acordo co artigo 7 deste real decreto.

Disposición transitoria única.

En canto non estea operativo o portelo único aduaneiro, a documentación a que se refire o artigo 5.1 deste real decreto deberá presentarse a través do enderezo que figure na páxina electrónica institucional do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (www.magrama.es).

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias e as medidas necesarias para o correcto desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro das regras 10.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva, respectivamente, sobre comercio exterior e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O disposto nos capítulos IV, V e VI dítase como desenvolvemento do disposto na disposición adicional décima da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, relativa á introdución no mercado de madeira e produtos derivados da madeira.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

(Con base na disposición adicional décima, punto 2, da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes)
Declaración responsable para persoas físicas ou xurídicas que actúan como axentes para os efectos do Regulamento (UE) nº 995/2010

Apelidos/ Razón social:		Nome:		DNI/NIF/NIE:			
Domicilio fiscal:			CP.:	Localidade:			
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:		Provincia:			
Tipo de axente (marcar o/s que proceda/n):		<input type="checkbox"/> 1.1	<input type="checkbox"/> 1.2	<input type="checkbox"/> 2.1	<input type="checkbox"/> 2.2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4
Exerzo a dilixencia debida baixo unha entidade de supervisión:		NON	SI	Indíquese cal:			
Datos do representante legal							
DNI/NIE:		Nome:		Apelidos:			
Datos para efectos de notificación							
Domicilio:			CP.:	Localidade:			
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:		Provincia:			

Dispón de certificado de xestión forestal e/ou cadea de custodia En caso afirmativo, enumerar:	SI / NON	Dispón de certificado de madeira procedente de fonte controlada legalmente	SI / NON
Pertence a unha asociación empresarial de ámbito forestal ou da madeira ou a unha asociación de propietarios forestais legalmente establecida:	SI / NON	En caso afirmativo, nome da asociación:	

Información sobre o/s produto(s) comercializado/s					Certificado ⁵	
Produto ¹	Código NC ²	Cantidade ³	Unidade	Orixe do produto ⁴	CdC	CL

Manifiesto, baixo a miña responsabilidade, que cumpro cos requisitos establecidos no Regulamento (UE) n.º 995/2010 (EUTR), e que dispoño da documentación que así o acredita, e me comprometo a: i) manter e revisar, se é o caso, esta documentación durante o período en que exerzo esta actividade económica e durante os cinco anos posteriores á súa finalización, ii) renovar esta declaración periodicamente cada ano e iii) remitir esta declaración en prazo á autoridade competente segundo o establecido no artigo 7.2 e 7.3 da presente norma.

¹ Relación de produtos enumerados no anexo do Regulamento UE n.º 995/2010 (EUTR). (Véxase o anexo III do real decreto).

² Código da nomenclatura combinada do produto (os díxitos indicados no anexo do Regulamento UE n.º 995/2010 (EUTR) para cada tipo de produto).

³ Cantidade comercializada no ano precedente expresada en peso (tm) estimado.

⁴ Lugar de aproveitamento da madeira ou produto derivado da madeira que dá lugar ao produto comercializado: España, resto da Unión Europea, fóra da Unión Europea. (Indíquese país e, no caso de coñecela, tamén rexión).

⁵ Máis do 70% do produto comercializado: CdC) cadea de custodia; CL) Certificado de legalidade da orixe.

ANEXO II

Clasificación dos axentes en función do seu ámbito de actividade

1. Axente n.º 1: propietarios forestais (privados ou públicos) que comercializan produtos de madeira aproveitados no seu propio monte ou superficie forestal (venta en cargadeiro). Dentro desta categoría, distínguense dous subgrupos:

a) Axente n.º 1.1: propietario forestal que conta cun certificado de xestión forestal sustentable recoñecido válido para o monte do cal se aproveita o produto comercializado.

b) Axente n.º 1.2: propietario forestal que non conta cun certificado de xestión forestal sustentable recoñecido no monte do cal se aproveita o produto comercializado.

2. Axente n.º 2: rematantes forestais e propietarios forestais (privados ou públicos) que comercializan produtos de madeira aproveitados fóra do seu monte ou superficie forestal. Dentro desta categoría, distínguense dous subgrupos:

a) Axente n.º 2.1: rematante ou propietario forestal que conta cun certificado de cadea de custodia recoñecido ou outro certificado equivalente de madeira procedente de fonte controlada legalmente que cobre, ao menos, o 70% do volume da madeira comercializada.

b) Axente n.º 2.2: rematante ou propietario forestal que non ten cuberto ao menos o 70% do volume da madeira comercializada cun certificado de cadea de custodia recoñecido ou outro certificado equivalente de madeira procedente de fonte controlada legalmente.

3. Axente n.º 3: industrias forestais ou empresas (excepto rematantes) que comercializan produtos de madeira en que, ao menos, o 70% do seu volume se encontra certificado cun sistema de cadea de custodia recoñecido ou outro certificado equivalente de madeira procedente de fonte controlada legalmente.

4. Axente n.º 4: industrias forestais ou empresas (excepto rematantes) que comercializan produtos de madeira en que menos do 70 % do seu volume se encontra certificado cun sistema de cadea de custodia recoñecido ou outro certificado equivalente de madeira procedente de fonte controlada legalmente.

ANEXO III

Relación de produtos de madeira¹ a que se aplican as disposicións do Regulamento (UE) n.º 995/2010

NC	Descrición do produto
4401	Leña; madeira en plaquiñas ou partículas; serraduras, desperdicios e refugallo de madeira, incluso aglomerados en toros, briquetas, «pellets» ou formas similares.
4403	Madeira en bruto, incluso escascada, sen sámago ou escuadrada.
4406	Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares.
4407	Madeira serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.
4408	Follas para chapado, incluídas as obtidas por corta de madeira estratificada, para contrachapado ou para madeiras estratificadas similares e demais madeiras serradas lonxitudinalmente, cortadas ou desenroladas, incluso cepilladas, lixadas, unidas lonxitudinalmente, ou polos extremos, de espesor inferior ou igual a 6 mm.
4409	Madeira, incluídas as taboíñas e frisos para parqués, sen ensamblar, perfilada lonxitudinalmente (con lingüetas, rañuras, rebaixas, acanaladuras, bispeis, con xuntas en V, molduras, arredondamentos ou similares) nunha ou varias caras, cantos ou extremos, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos.
4410	Taboleiros de partículas, taboleiros chamados «oriented strandboard» (OSB) e taboleiros similares (por exemplo: os chamados «waferboard»), de madeira ou outras materias leñosas, incluso aglomeradas con resinas ou demais aglutinantes orgánicos.
4411	Taboleiros de fibra de madeira ou outras materias leñosas, incluso aglomeradas con resinas ou demais aglutinantes orgánicos.
4412	Madeira contrachapada, madeira chapada e madeira estratificada similar.
4413 00 00	Madeira densificada en bloques, táboas, tiras ou perfís.
4414 00	Marcos de madeira para cadros, fotografías, espellos ou obxectos similares.
4415	Caixóns, caixas, gaiolas, tabais e envases similares, de madeira; carretes para cables de madeira; palés, palés caixa e demais plataformas para carga de madeira; atumes para palés de madeira. (Material non de embalaxe utilizado exclusivamente como material de embalaxe para soste, protexer ou transportar outro produto comercializado).
4416 00 00	Barris, cubas, baldes e demais manufacturas de cubeiro e as súas partes, de madeira, incluídas as doelas.
4418	Obras e pezas de carpintaría para construción, incluídos os taboleiros celulares, os taboleiros ensamblados para revestimento de solo e ripas para cuberta de tellados ou fachadas (<i>shingles</i> e <i>shakes</i>), de madeira.
ex47 e ex48	Pasta e papel dos capítulos 47 e 48 da nomenclatura combinada, excepto os produtos a base de bambú e os produtos para reciclar (desperdicios e refugallo).
9403 30	Mobles de madeira dos tipos utilizados en oficinas.
9403 40	Mobles de madeira dos tipos utilizados en cocinas.
9403 50 00	Mobles de madeira dos tipos utilizados en dormitorios.
9403 60	Os demais mobles de madeira.
9403 90 30	Partes de mobles, de madeira.
9406 00 20	Construción prefabricadas, de madeira.

¹ Descrición do produto de acordo coa versión consolidada (Regulamento UE n.º 927/2012 da Comisión, do 9 de outubro) do Regulamento CEE n.º 2658/87 do Consello